REUNIÓN DA COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Día: 28.06.2018 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 28 de xuño de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

1.1 7261 (10/CPC-000010)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, por petición propia, para informar sobre a evolución da xestión e ordenación das frotas galegas que traballan no caladoiro cantábrico e noroeste e da súa evolución en termos de descargas e facturación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 96, do 05.04.2017

Punto 2. Preguntas

2.1 22465 (10/POC-003661)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as previsións do proxecto de decreto de ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galicia en relación coa libre designación de determinados cargos dentro do servizo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 242, do 18.01.2018

2.2 31123 (10/POC-004918)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio
Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos da Enquisa de poboación activa referidos á perda de persoas ocupadas, nomeadamente de mulleres, no sector pesqueiro de Galicia entre o primeiro trimestre de 2017 e o primeiro trimestre de 2018, as actuacións previstas para reverter esa situación e a súa opinión respecto da posible incidencia nela do baixo nivel de execución orzamentaria que presenta no ano 2017 o programa 723A, Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 312, do 30.05.2018

2.3 31979 (10/POC-005038)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e 2 máis
Sobre as razóns de Portos de Galicia para retirar a pancarta instalada na fachada da Confraría de Pescadores de Vilanova de Arousa para chamar á participación na manifestación convocada para o día 10 de xuño en

PARLAMENTO
DE GALICIA

Santiago de Compostela en contra da explotación dunha mina no concello de Touro, pola afección que tería na produtividade pesqueira e marisqueira da ría de Arousa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 319, do 13.06.2018

2.4 32182 (10/POC-005062)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 7 máis
Sobre as razóns de Portos de Galicia para repintar a sinalización horizontal que delimita a zona de tránsito peonil na Avenida da Mariña, na localidade de Corme, no espazo utilizado como aparcadoiro no período estival ou no caso de oficios relixiosos, así como as medidas previstas para evitar as molestias e dificultades que podería ocasionar. (Procedemento de urxencia)
Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 319, do 13.06.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2018

Marta Rodríguez Arias
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias	P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago	P

Secretaria

Julia Torregrosa Sañudo	EM

Vogais

Teresa Egerique Mosquera	P
Martín Fernández Prado	P
María Ángeles García Míguez	P
María Montserrat Prado Cores	BNG
Paula Quinteiro Araújo	EM
María Soraya Salorio Porral	P
María Dolores Toja Suárez	S
Julio Torrado Quintela	S
Daniel Vega Pérez	P

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 28.06.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo
Día: 28.06.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 7261(10/CPC-000010)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, por petición propia, para informar sobre a evolución da xestión e ordenación das frotas galegas que traballan no caladoiro cantábrico e noroeste e da súa evolución en termos de descargas e facturación

Publicación da iniciativa, 96, 05.04.2017

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
30 MAR. 2017
Núm. 7261

CEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
29 MAR. 2017
SAIDA
Num. 468

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia ante a Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica para informar sobre "**A evolución da xestión e ordenación das frotas galegas que faenan no Caladoiro Cantábrico e Noroeste e da súa evolución en termos de descargas e facturación**".

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 28.06.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo
Día: 28.06.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.1 22465(10/POC-003661)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as previsións do proxecto de decreto de ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galicia en relación coa libre designación de determinados cargos dentro do servizo

Publicación da iniciativa, 242, 18.01.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22465
Data envio: 08/01/2018 17:41:41.894

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao novo Regulamento de Ordenación e Funcións do Servizo de Gardacostas.

O pasado día 28 de xullo, o Consello da Xunta de Galicia aprobaba un proxecto de decreto de ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galicia, sendo remitido o mesmo ao Consello Consultivo de Galicia. Dita normativa está a conseguir o rexeitamento do colectivo deste persoal por conter postulados contrarios a Lei de Gardacostas. De entre estes sobresae a blindaxe dos cargos de libre designación, Subdirector, xefes/as do servizo e xefes/as das unidades operativas poderán ser persoal alleo ao Servizo de Gardacostas e pasarán a ser dotados das atribución propias dos funcionarios deste Servizo, isto é: axentes da autoridade con uniforme, placa, insignia e carné profesional, podendo exercer os labores de dito corpo sen ter ningunha das súas atribucións.

No apartado d@s xefes das unidades operativas, ademais de ser nomead@s a dedo, algo sobre o que xa se ten pronunciado reiteradamente os tribunais de xustiza con sentenzas que declaran ilegal a catalogación de ditos postos como LD, agora poderán realizar función d@s titulad@s náutico pesqueir@s (patróns/as e mecánic@s) sen que ocuparan estas prazas, sempre que teñan a titulación

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22465
Data envio: 08/01/2018 17:41:41.894

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

correspondente, podendo realizar as funcións de dous postos de traballo e cortando as posibilidades de que estas prazas poidan ser ofertadas e ocupadas por outra persoa, precarizando as funcións do persoal do propio Servizo.

Tamén é de salientar a creación dunha nova escala operativa (C1) que non aporta unha regulación regrada de promoción interna clara, por mérito, capacidade e competencia. A imposición dun modelo xerarquizado, que pretende que @s axentes desenvolvan as súas actuacións baixo ordes ou mando directo e non co criterio xeral de actuación: *"cumprindo plans ou programas de actuacións ordinarios ou extraordinarios, ou en virtude de denuncias, requirimentos, propia iniciativa ou orde dos superiores"*. A todo o anterior hai que sumar o feito de que na mesa de negociación non se tivo en conta as especiais condicións de traballo deste colectivo.

Estas son as razóns polas que se formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Cales son as razóns para que @ Subdirector/a e @s tres xefes de servizo e @s xefes das unidades operativas sexan nomeados a dedo?

- Para cando van cumprir as sentenzas que lles obriga a que @s xefes das unidades operativas non sexan de libre designación?

- Imaxínanse a Arsenio Fernández de Mesa con tricornio e coas atribucións dun axente da garda civil?

- Como é posíbel que @s xefes/as operativ@s sexan nomead@s a dedo e que para dito posto non exista nin un só criterio de selección?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22465
Data envio: 08/01/2018 17:41:41.894

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Consideran razoábel que un/unha axente da escala básica sexa o XUO e que dirixa as unidades compostas por persoal da escala técnica, executiva, operativa e de axentes?

- Dentro das funcións do persoal de Gardacostas non sería razoábel salvagardar a súa independencia e que actuaran de acordo a lei?

- Se con carácter xeral se establece que actuarán "cumprindo plans ou programas de actuacións ordinarios ou extraordinarios, ou en virtude de denuncias, requirimentos, propia iniciativa ou orde dos superiores" a que ven que na escala de vixilantes mariñeiros se estableza que actuarán baixo ordes ou mando directo ? Non teñen a condición de axente de autoridade todas as escalas coas mesmas atribucións? Ou hai escalas con galóns para mandar e a escala de axentes é para obedecer?

- Como se explica que se un/unha mecánic@ e un/unha patrón/a fixeron o mesmo exame de oposición e están na mesma escala (C1), agora se pretende que a patrón/a en mar e en terra mande sobre @ mecánic@?

- Como se explica que dende a creación do Servizo de Gardacostas un/unha patrón/a ou mecánic@ que aprobou a oposición coa titulación de patrón litoral e mecánic@ naval, segundo as diferentes regulación hoxe téñamos patróns/as na escala executiva, de aprobarse este decreto na escala operativa e @s de toda a vida na escala de axentes? E isto un modelo racional de promoción interna?

- Como se explica o feito de que un/unha mariñeir@ vixilante poida ir a náutica pesqueira e quitar titulacións de patrón/a ou mecánic@ pero que non teña posibilidades de realizar os días de mar para conseguir a titulación profesional e que

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22465
Data envio: 08/01/2018 17:41:41.894

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

determinad@s xefes/as das unidades operativas conseguiran facer os días de mar e hoxe teñen en vigor as súas credenciais profesionais?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/01/2018 17:41:06

Ana Pontón Mondelo na data 08/01/2018 17:41:11

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/01/2018 17:41:12

Olalla Rodil Fernández na data 08/01/2018 17:41:13

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22465
Data envio: 08/01/2018 17:41:41.894

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 08/01/2018 17:41:15

Xosé Luis Bará Torres na data 08/01/2018 17:41:16

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo
Día: 28.06.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.2 31123(10/POC-004918)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos da Enquisa de poboación activa referidos á perda de persoas ocupadas, nomeadamente de mulleres, no sector pesqueiro de Galicia entre o primeiro trimestre de 2017 e o primeiro trimestre de 2018, as actuacións previstas para reverter esa situación e a súa opinión respecto da posible incidencia nela do baixo nivel de execución orzamentaria que presenta no ano 2017 o programa 723A, Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura

Publicación da iniciativa, 312, 30.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2018 10:00
Nº Rexistro: 31123
Data envio: 18/05/2018 19:14:13.383

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

O despoboamento é o maior problema en Galicia. Dende que goberna o Partido Popular perdemos 85.000 persoas. Só o ano pasado 10.000 persoas. As proxeccións a curto prazo do IGE presentan un panorama desolador. Para o ano 2031 unha perda de 231.000 persoas.

Na actualidade en Galicia existe un desequilibrio demográfico claramente marcado: mentres que a poboación se acumula nas áreas urbanas, nos concellos do rural a perda é alarmante. A base da pirámide de Galicia estréitase ano tras ano, especialmente para os menores de 30 anos.

Nesta situación, a pesca representa un papel fundamental na fixación de poboación. Non obstante, os datos da EPA Galicia, amosan unha perda de 4.400 persoas ocupadas entre o primeiro trimestre de 2017 e o primeiro de 2018. Nun só ano reduciuse un 21 % o número persoas ocupadas neste sector. A pesca é o sector que no último ano perdeu máis poboación ocupada. Os datos son especialmente negativos para o caso das mulleres, xa que a redución representa un 31 %, todo iso a pesar de que a conselleira do Mar repite constantemente que a situación da muller no mar, é mellor, a pesar de que os datos indican o contrario.

Total	Total	Homes	Mulleres
2017/I	20,8	15,03	5,5
2018/I	16,4	12,6	3,8
		- 18 %	-31 %

O relevo xeracional non está garantido e iso deixa máis de 4.400 embarcacións sen unha alternativa de futuro.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2018 10:00
Nº Rexistro: 31123
Data envio: 18/05/2018 19:14:13.383

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Isto é unha realidade que temos en Galicia, resultado das políticas de abandono dun Goberno que está a arranxar fochancas no canto de facer país. Un Goberno que no ano 2017 executou unicamente un 37 % do programa 723A-Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura.

Medidas como o seguro do mal tempo, os investimentos en seguridade -concretamente sistemas antiafundimento, que manteñan a frote as embarcacións no caso de sinistro-, sistemas de localización, son problemas pendentes que nunca atopan solución e xeran inseguridade nas persoas do mar.

Fronte á dureza do traballo no mar, os ingresos acadados coa actividade non se corresponden co esforzo, de tal xeito que os ingresos da actividade non son suficientes para compensar os custes que a actividade orixina. O escenario aínda empeorará de implantarse o sistema de ITQs para o Plan de xestión do Cantábrico, cuestión que preocupa enormemente ao sector. O Goberno galego parece obviar o principio de cautela, por non ter en conta as consecuencias que tería para a nosa frota. O propio sector advirte que este sistema ten por obxecto claramente a redución de frota e que abre a porta á especulación e á privatización.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego dos datos publicados pola EPA en canto ao sector pesqueiro, que nun ano supuxeron una redución de 1 de cada 5 persoas ocupadas?

2ª) Que valoración fai o Goberno galego especialmente da situación das mulleres na que de acordo cos últimos datos da EPA, nun só ano se perderon 3 de cada 10 empregos no mar?

3ª) Como valora o Goberno galego que a pesca sexa o sector de maior perda de poboación ocupada no último ano?

4ª) Vai levar a cabo o Goberno galego algún tipo de medida para reverter esta situación, en caso positivo, cales e en que prazo?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2018 10:00
Nº Rexistro: 31123
Data envio: 18/05/2018 19:14:13.383

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

5ª) Considera que unhas execucións de unicamente un 37 % no ano 2017 no programa 723A Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura, ten algunha relación cos pésimos resultados que amosan a EPA do primeiro trimestre de 2018 en relación co mesmo período do ano 2017?

6ª) Que impacto valora o Goberno galego que terá no número de persoas ocupadas un sistema de ITQs no caladoiro do Cantábrico Noroeste?

Pazo do Parlamento, 18 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 18/05/2018 19:09:57

Julio Torrado Quintela na data 18/05/2018 19:10:09

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo
Día: 28.06.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.3 31979(10/POC-005038)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 2 máis

Sobre as razóns de Portos de Galicia para retirar a pancarta instalada na fachada da Confraría de Pescadores de Vilanova de Arousa para chamar á participación na manifestación convocada para o día 10 de xuño en Santiago de Compostela en contra da explotación dunha mina no concello de Touro, pola afección que tería na produtividade pesqueira e marisqueira da ría de Arousa

Publicación da iniciativa, 319, 13.06.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2018 09:30
Nº Rexistro: 31979
Data envio: 06/06/2018 19:44:33.837

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga, Julia Torregrosa Sañudo e Paula Quinteiro Araujo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 8.ª**

A lei que regula as confrarías de Galicia recolle no seu artigo primeiro que estas representan os intereses económicos e corporativos do/as profesionais do sector e os seus asociados...

Así moitas confrarías da Ría de Arousa están a promover medidas que impidan a instalación dunha mina no Concello de Touro, pola afección que os contaminantes da mesma, de seguro, terán sobre a produtividade pesqueira e marisqueira da ría de Arousa, actividades que poden estar enmarcadas na defensa dos seus intereses como recolle a normativa.

Así moitas destas confrarías van participar nunha manifestación contra a mina, convocada para o domingo 10 de xuño en Compostela.

Na confraría de Vilanova instalouse unha pancarta chamando á participación nesta mobilización, pancarta que foi retirada por Portos de Galicia, nun claro ataque aos dereitos dos membros da confraría e a súa liberdade de expresión .

Por todo o exposto as deputadas asinantes formulan aa seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.ª

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2018 09:30
Nº Rexistro: 31979
Data envio: 06/06/2018 19:44:33.837

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Que motivos ten Portos de Galicia para retirar unha pancarta na fachada da confraría de Vilanova?

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 06/06/2018 19:42:15

Paula Quinteiro Araújo na data 06/06/2018 19:42:19

Carmen Santos Queiruga na data 06/06/2018 19:42:25

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo
Día: 28.06.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.4 32182(10/POC-005062)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 7 máis

Sobre as razóns de Portos de Galicia para repintar a sinalización horizontal que delimita a zona de tránsito peonil na Avenida da Mariña, na localidade de Corme, no espazo utilizado como aparcadoiro no período estival ou no caso de oficios relixiosos, así como as medidas previstas para evitar as molestias e dificultades que podería ocasionar. (Procedemento de urxencia)

Publicación iniciativa vía urxencia, 319, 13.06.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2018 16:35
Nº Rexistro: 32182
Data envio: 08/06/2018 16:35:40.845

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Aurelio Nuñez Centeno, Teresa Egerique Mosquera, Martín Fernández Prado, Soraya Salorio Porral, Marián García Míguez, Daniel Vega Pérez, Alberto Pazos Couñago e Marta Rodríguez Arias, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral Urxente en Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese para a comarca de Bergantiños.

Exposición de Motivos:

A localidade de Corme está situada na ría de Corme e Laxe, ao norte da desembocadura do río Anllóns. A súa actividade económica principal ten que ver coa pesca e o marisqueo, ademais do turismo que acude a visitar o Cabo Roncudo e as praias da localidade.

O porto de Corme está totalmente integrado na vila, con acceso libre para as persoas, e utilízase polos habitantes para paseo, e inclusive pesca afeccionada.

Este espazo portuario é titularidade de Portos de Galicia, quen se encarga das tarefas rotineiras de conservación e mantemento das súas instalacións. Como parte destas tarefas, hai uns meses Portos de Galicia, titular do viario de acceso ao porto, procedeu ao repintado da sinalización horizontal que delimita a zona de tránsito peonil, dentro dunha actuación global de repintado de sinalización horizontal xa existente pero deteriorada.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2018 16:35
Nº Rexistro: 32182
Data envio: 08/06/2018 16:35:40.845

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Na Avenida Mariña, coñecida popularmente como “Debaixo da Igrexa”, repintouse, en coordinación coa petición do Concello, esta liña que delimita a zona peonil a carón do muro que protexe do mar, espazo utilizado como aparcamento de coches no período estival e os días de funeral ou enterro na localidade.

Esta decisión provocou opinións encontradas entre os veciños e veciñas, que advertiron de que se poderían ocasionar molestias a algúns veciños no caso de oficios relixiosos, como tamén pola dificultade engadida para poder aparcar durante o verán, que alonxaría aos visitantes de aparcar na zona. Algúns dos grupos sociais que mostraron as súas discrepancias con este repintado, sinalaron o parque situado enfronte e dotado de beirarrúas, como a zona propicia para o tránsito peonil, alonxándoo do vial portuario.
Ante esta proposta, representantes veciñais de Corme mantiveron recentemente unha reunión co Presidente de Portos para abordar deste asunto, e estudiar posibles alternativas de consenso.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

1. Cal foi o motivo de que se pintara inicialmente esa zona de tránsito peonil?

2. Ten previsto Portos de Galicia algunha medida para corrixir esta situación?

Santiago de Compostela a 8 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 08/06/2018 16:32:27

Teresa Egerique Mosquera na data 08/06/2018 16:32:38

Martín Fernández Prado na data 08/06/2018 16:33:26

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2018 16:35
Nº Rexistro: 32182
Data envio: 08/06/2018 16:35:40.845

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

María Soraya Salorio Porral na data 08/06/2018 16:33:43

María Ángeles Garcia Míguez na data 08/06/2018 16:33:53

Daniel Vega Pérez na data 08/06/2018 16:34:01

Alberto Pazos Couñago na data 08/06/2018 16:34:19

Marta Rodriguez Arias na data 08/06/2018 16:34:34

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com